



► **Amancio Ortega** Fundador de Inditex

Un estudo dunha consultora sitúao como o líder empresarial con mellor imaxe en España

**ÁNGELA TROITIÑO E SEBASTIÁN VILLASANTE** PROFESORES DA FACULTADE DE ECONÓMICAS DA USC

► O monográfico 'Economía da desigualdade' recolle varios estudos que defenden que as políticas de austeridade impulsadas desde a Unión Europea potencian a pobreza e as diferenzas sociais ao reducir os servizos públicos, «esenciais para o mantemento do benestar da poboación».

## «Os recortes restan capacidade ao país para competir e avanzar»

POR: CARLA FRAGA (AGN)  
FOTO: EP

**A SITUACIÓN** social en España mudou completamente logo de cinco longos anos de crise. Segundo sosteñen os coordinadores do monográfico 'Economía da desigualdade', os profesores Ángela Troitiño e Sebastián Villasante, o modelo económico posto en marcha en Europa xerou unha maior desigualdade e pobreza.

**Os autores que citan defenden que as políticas de austeridade están agudizando a desigualdade. ¿Medrarán as diferenzas no futuro?**

A crise económica está a provocar un afastamento cada vez maior entre os cidadáns moi ricos e o resto da poboación. A distribución da renda e da riqueza é cada vez máis desigual e a isto súmase que as medidas de austeridade afectan á cantidade e á calidade dos servizos públicos básicos, provocando un claro retroceso no benestar da poboación así como na igualdade de rendas e de oportunidades, tanto no presente como cara ao futuro. Os recortes nos servizos públicos reducen claramente a capacidade e o benestar individuais e colectivos, incrementando a pobreza e as desigualdades económicas e sociais, fracturando a sociedade e freando o seu desenvolvemento, o que nos resta capacidade como país para competir e avanzar.

**A longo prazo, ¿acabarán as actuais políticas de austeridade cos servizos públicos?**

Se entendemos os servizos públicos como dereitos do conxunto da sociedade e non como meros servizos asistenciais, semella que realmente están en perigo. O desmantelamento que están a sufrir podería convertelos nuns servizos con baixa cobertura e sen calidade, deixándolle o camiño libre á iniciativa privada. Corremos o risco de que se convertan nuns servizos de segunda, coa escusa non certa de que o sector privado é máis eficiente para ofrecer uns servizos de primeira aos que só poderían acceder as persoas que os poidan pagar. É evidente o retroceso que isto significaría no avance da igualdade de oportunidades e cohesión social logrado nas últimas décadas, así como o cambio de modelo social que implicaría. **Os mozos están entre os colectivos**



Os profesores Ángela Troitiño e Sebastián Villasante.

**en risco de exclusión na crise. ¿Que foi da xeración mellor preparada da historia?**

Estamos asistindo a un fenómeno de descapitalización humana en termos de formación da xente nova no noso país sen precedentes. Efectivamente, estase a dar o paradoxo de que a mocidade mellor preparada da historia tamén está a padecer as maiores taxas de desemprego nunca vistas, sentíndose obrigada a marchar á procura de traballo fóra das nosas fronteiras. Mais esta continua emigra-

**Emigración**

«A perda de capital humano empobrece á sociedade e á economía e terá consecuencias moi negativas no futuro»

**Disparidade xeográfica**

«As pensións actúan como un escudo antipobreza efectivo nas provincias interiores galegas»

**EN GALICIA** a pobreza estivo historicamente máis vencellada ao ámbito rural que ao urbano, pero a crise económica provocou que esta situación se invertese.

**Defenden que a pobreza se desprazou das provincias interiores**



ción de talentos non só supón un problema persoal para os que marchan, senón tamén unha clara perda de capital humano que nos empobrece tanto como sociedade como economicamente, e que terá consecuencias moi negativas no futuro desenvolvemento social e económico do país.

**¿Que receita propoñen para superar a crise e lograr unha distribución da riqueza máis equitativa?**

Creemos que esta crise non é só conxuntural senón tamén estrutural, polo que as medidas para superala deberían incluír os dous ámbitos. A curto e medio prazo é preciso potenciar servizos e prestacións sociais que axuden á poboación a amortecer os efectos da crise, así como políticas de activación da economía. Tamén é preciso presionar para que a Unión Europea se comporte realmente

como un proxecto común europeo e se preocupe polo benestar da totalidade dos estados membros, aplicando non só políticas de axuste senón tamén de crecemento. Neste sentido, consideramos que podería incentivar a demanda externa, desde os países menos afectados pola crise, e a interna, facilitando crédito a fogares e empresas. A longo prazo habería que revisar a estrutura produtiva do país, diversificando as nosas capacidades e definindo sectores estratéxicos nos que teñamos vantaxes comparativas.

**No texto falan dun proceso de defeminización da pobreza. ¿Son equiparables hoxe as situacións do home e da muller neste sentido?**

Nun dos artigos do monográfico fálase de que desde unha situación anterior onde a pobreza afectaba sensiblemente máis ás mulleres adultas que aos homes, nos anos da crise observamos un avance cara a converxencia das taxas entre ambos os dous sexos. Mais que se estean acurtando distancias non significa que xa non existan. Tanto os indicadores de pobreza como os salariais publicados por Eurostat [a oficina estatística comunitaria] seguen a confirmar que a posición das mulleres mantense en desvantaxe respecto á dos homes. Resultado que tamén conclúen moitos outros estudos, como o recentemente publicado informe do observatorio da realidade social de Cáritas, no que se indica que as mulleres seguen a ser a cara máis visible das situacións de pobreza e exclusión.

Con maiores niveis de poboación activa, os seus ingresos dependen fortemente das flutuacións económicas ao que hai que sumar o seu vínculo coa especulación urbanística, cuxo 'boom' acabou nun incremento do paro. As provincias interiores, cunha poboación máis avellentada, dependen maiormente das pensións, unha fonte de ingresos máis estable que ata o momento estivo actuando como un escudo antipobreza bastante efectivo. Os cambios que se están a producir neste eido dirannos se no futuro as pensións seguen a manter ese importante papel social.

## La Caixa solicita para os plans de pensións privados máis protagonismo

EP

BARCELONA. La Caixa recomenda no seu último informe que analiza os retos do sistema público de pensións combinar a cobertura da Seguridade Social cos produtos de aforro privado. O economista xefe da entidade, Jordi Gual, expón que a combinación destes dous sistemas ten «un sentido económico claro» para afrontar o envellecemento da poboación e os problemas de deseño da cobertura estatal.

O documento recolle datos da OCDE (o 'club dos países ricos') segundo os cales desde 2007 un total de 34 países desenvolvidos reformaron os seus sistemas de pensións, toda vez que a Comisión Europea prevé que en 2060 un total de 22 estados destinarán máis do 10% do PIB a pagar as prestacións. Gual constata que, «en general», comézase a aforrar para a xubilación «demasiado tarde para manter el nivel adquisitivo».

## A UE obriga a informar da procedencia da carne de porco, ave ou ovella

EP

BRUXELAS. A Comisión Europea obtivo onte luz verde dos Estados membros para introducir novas normas de etiquetado que farán obrigatorio indicar a orixe da carne fresca, refrixerada ou conxelada de porcino, ovino, caprino e avícola, unha esixencia que ata agora só se aplicaba na UE para a carne de bovino.

Os cambios entrarán en vigor en abril do ano 2015 para dar tempo suficiente ao sector para adaptarse. Logo do visto bo dos países, Bruxelas publicará nos próximos días os cambios no Diario Oficial da UE. Só Suecia e Polonia votaron en contra das novas regras, en tanto que Romanía, Bélxica e República Checa se abstiveron.

O obxectivo desta medida é que os consumidores poidan elixir o produto a través dun etiquetado que informará dos lugares de orixe, crianza e sacrificio do animal.